



## ROTEIRO POLO CASTRO DE REMONDE (PALAS DE REI)



O **Castro de Remonde** é da idade de ferro e está localizado nun outeiro a 460 metros de altitude preto do Castelo de Pambre. Os terreos nos que se radica foron mercados recentemente pola Fundación EIRA (ADEGA) coa finalidade de promover a conservación e posta en valor deste ben patrimonial.

O punto de encontro será ás 10 h no **Castelo de Pambre**, onde comezará o roteiro percorrendo

o **camiño real**, a **ponte medieval** sobre o río Pambre e os pasos sobre o rego do Vilar. Achegándonos á contorna do Castro observaremos as areiras, “buratos” no comarón á beira do camiño. Logo de deternos **na visita ao Castro, antecastro e parapetos**, continuaremos a ruta polo camiño da Toca e chegaremos ao **Castelo altomedieval do Remesedo** dende onde teremos unha impresionante panorámica do Castelo de Pambre e do Castro de Remonde. Posteriormente percorrерemos un tramo das **Torrentes de Mácara**. O bus lavaranos ás inmediacións da **Eira da Xoana** (“casiña” de ADEGA radicada no Concello de Agolada), onde xantaremos. Pola tarde está previsto visitar as **Brañas do Biduedo** (zona protexida á proposta de ADEGA baixo a figura de “custodia do territorio”) e a **Canle de Ramil**, antiga obra que se pode catalogar de “arqueoloxía industrial”. O roteiro rematará en Ramil. **Acompañaranos o arqueólogo Antón Malde, colaborador nos traballos de recuperación do Castro.**

Lonxitude: 10-12 km de dificultade baixa en xeral e media nas Torrentes de Mácara.

**DOMINGO, 24 de XANEIRO de 2016**

Xeral.....	15 €
Estudantes, xubilad@s e no paro.....	12 €
Soci@s.....	10 €
Ata 17 anos.....	5 €

O autobús sairá de diante da Facultade de Formación do Profesorado ás 9.00 h.

Imprescindible anotarse chamando ao 679 113 718 ou ao 982 24 02 99.

***Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño. O bo humor é cousa de tod@s***

### PRÓXIMOS ROTEIROS DE ADEGA LUGO



**21 Febreiro:** Castro de Goo - O Incio  
**13 Marzo:** Castro de Cervantes  
**17 Abril:** Castro de Fazouro- Foz

**22 Maio:** Castro de Espasante- Ortigueira  
**26 Xuño:** Castro de Baroña- Porto do Son